



DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS

CRITERIOS PARA O BAREMO CURSO 2024/25

- **Domicilio familiar**, mediante volante histórico de convivencia do Padrón municipal no que figuren todos os membros da unidade familiar que conviven nel. A data de alta no concreto domicilio deberá ter unha antigüidade mínima dun ano respecto ao inicio do procedemento de admisión, agás circunstancias debidamente xustificadas. Así mesmo o certificado deberá estar expedido no ano 2024.
- **Domicilio laboral:**
 - a) No caso de persoas que **presten servizos retribuídos por conta allea**, mediante a achega de documento expedido para o efecto polo/a empregadora/or xunto cunha copia do *contrato de traballo e o informe de vida laboral*.
 - b) No caso de **traballadoras e traballadores por conta propia**, mediante a alta censual inicial ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria na que consta a dirección do centro de traballo, ou licencia de apertura ou actividade do Concello, se non está obrigado a estar de alta en dito censo.
 - c) O **persoal ao servizo das administracións públicas** presentará unha certificación expedida pola xefatura de persoal correspondente.
- A condición de **familia numerosa**, mediante fotocopia do título oficial en vigor ou do carné familiar galego expedidos pola Consellería de Traballo e Benestar. (*Cando denegue a consulta*).
- A condición de **familia monoparental**, presentar a certificación de recoñecemento da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización demográfica.
- Documentación xustificativa da condición de **vítima de violencia de xénero** dacordo co artigo 5 da Lei 11/2007, do 7 de xullo, galega para prevención e tratamento integral da violencia de xénero.
- Certificado de **vítima de terrorismo** dacordo coa Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas de terrorismo.



- Concorrenca de **discapacidade** no pai, nai, titor legal ou nalgún irmán, mediante a certificación do grao de minusvalía expedida pola Consellería de Traballo e Benestar ou, se é o caso, do órgano competente doutras administración públicas. *(Cando denegue a consulta).*
- Existencia de **irmáns no IES Sánchez Cantón**, acreditarase mediante copia completa do libro de familia e certificación do centro correspondente de estar matriculado na ESO, 1º de bacharelato ou certificado de reserva en 1º da ESO.